

CURRÍCULUM

ES

TEGP

SEGUNDO BACHARELATO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Bloque de materias específicas

Técnicas de Expresión Gráfico-plástica

Introdución

A materia de Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica pretende que o alumnado adquira o coñecemento e a aplicación dos recursos, as técnicas, os métodos e as aplicacións instrumentais que utilizaron e seguen utilizando os/as artistas ao longo da historia.

A materia tamén permite o desenvolvemento de competencias, en especial a de conciencia e expresións culturais, posto que o alumnado vai afondar e entender como se desenvolveron ao longo da historia os procesos e as técnicas que permitiron aos/ás artistas manifestar as vivencias de cada época nas obras de arte. Así mesmo, a materia vai desenvolver no alumnado a capacidade de aprender a aprender, xa que, por ser unha materia de carácter teórico-práctico, permite mellorar os coñecementos propios a partir da observación de producións de artistas e a comparación coas súas propias producións.

Un coñecemento exhaustivo das técnicas gráfico-plásticas tradicionais nos campos do debuxo, a pintura e o gravado, así como noutras técnicas mixtas e alternativas máis recentes, achégalles aos alumnoes e ás alumnas a capacidade de expresaren e desenvolveren as súas propias ideas e plasmalas, da forma máis adecuada posible, creando obras gráficas tecnicamente adecuadas. Desde o coñecemento, o alumnado comunica a través da creación das súas propias imaxes e experimenta con materiais procurando solucións adecuadas aos seus obxectivos.

O desenvolvemento das capacidades creativas vai permitir ao alumnado iniciarse no campo das artes gráficas, desenvolvendo un espírito crítico dentro do mundo da plástica. Ademais, a través dos coñecementos adquiridos, poderá apreciar cunha profundidade moito maior o valor do patrimonio artístico e, xa que logo, fomentar actitudes de respecto cara a este.

Esta materia estrutúrase en bloques: "Materiais", "Técnicas de debuxo", "Técnicas de pintura", "Técnicas de gravado e estampaxe" e "Técnicas mixtas e alternativas".

Técnicas de Expresión Gráfico-plástica. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
	Bloque 1. Materiais			
▪ i ▪ m ▪ n ▪ g ▪ p	▪ B1.1. Soportes, pigmentos, aglutinantes e diluentes.	▪ B1.1. Seleccionar información a través de diferentes fontes de información, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, acerca da evolución dos materiais e a súa aplicación ao longo da historia, co fin de distinguir e relacionar os materiais e os instrumentos utilizados nas técnicas gráfico-plásticas.	▪ TEGPB1.1.1. Coñece os materiais, o tipo de soporte, os pigmentos, os aglutinantes e os diluentes utilizados nas técnicas gráfico-plásticas.	▪ CSIEE ▪ CCEC
			▪ TEGPB1.1.2. Narra a evolución histórica dos materiais e a súa adaptación ao longo da historia.	▪ CCL ▪ CCEC
			▪ TEGPB1.1.3. Relaciona os materiais, o tipo de soporte, os pigmentos, os aglutinantes e os diluentes máis adecuados a cada técnica gráfico-plástica	▪ CSIEE ▪ CCEC
			▪ TEGPB1.1.4. Coñece e utiliza con propiedade, de forma oral e escrita, a terminoloxía propia das técnicas.	▪ CCEC
▪ i ▪ m ▪ n	▪ B1.2. Técnicas sólidas; auga e aceite.	▪ B1.2. Comparar as propiedades físicas e químicas dos materiais e a súa interacción.	▪ TEGPB1.2.1. Coñece as propiedades físicas e químicas dos materiais e a súa interacción.	▪ CSIEE ▪ CCEC
			▪ TEGPB1.2.2. Razona a elección dos materiais cos que se vai traballar na aplicación de cada técnica, tendo en conta as propiedades físicas e químicas.	▪ CMCCT ▪ CSIEE
	Bloque 2. Técnicas de debuxo			
▪ m ▪ n ▪ i ▪ d ▪ p	▪ B2.1. Materiais, utensilios e soportes. Uso de terminoloxía específica. ▪ B2.2. Técnicas secas: carbón, lapis de grafito, compostos, graxos e de cor. ▪ B2.3. Técnicas húmidas: a tinta e as súas ferramentas. ▪ B2.4. Aplicación das técnicas propias do debuxo na realización de traballos.	▪ B2.1. Identificar e aplicar, de maneira apropiada, as técnicas secas e húmidas aplicadas ao debuxo, apreciando a importancia que tivo e ten o debuxo para a produción de obras artísticas ao longo da historia.	▪ TEGPB2.1.1. Describe as técnicas de debuxo.	▪ CSIEE ▪ CCEC
			▪ TEGPB2.1.2. Identifica e manexa os materiais utilizados nas técnicas do debuxo, tanto secas como húmidas.	▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ TEGPB2.1.3. Planifica o proceso de realización dun debuxo definindo os materiais, os procedementos e as súas fases.	▪ CD ▪ CAA
			▪ TEGPB2.1.4. Produce obras propias utilizando técnicas de debuxo secas e húmidas	▪ CSIEE ▪ CCEC
			▪ TEGPB2.1.5. Recoñece e valora as técnicas de debuxo en obras de arte.	▪ CSC ▪ CCEC

	Técnicas de Expresión Gráfico-plástica. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
	Bloque 3. Técnicas de pintura			
▪ b ▪ d ▪ i ▪ m ▪ n	▪ B3.1. Técnicas sólidas: pastel. Aplicación práctica na realización de traballos.	▪ B3.1. Coñecer as técnicas de pintura e os materiais utilizados en cada unha ao longo da historia.	▪ TEGPB3.1.1. Describe as técnicas de pintura. ▪ TEGPB3.1.2. Coñece, elixe e aplica correctamente os materiais e os instrumentos utilizados en cada técnica pictórica. ▪ TEGPB3.1.3. Distingue e describe, de forma oral e escrita, a técnica e os materiais utilizados en obras pictóricas de diferentes épocas artísticas, así como nas producións propias.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSIEE ▪ CCEC
▪ i ▪ m ▪ n	▪ B3.2. Técnicas á auga: acuarela, témpera e acrílico. Aplicación práctica na realización de traballos. ▪ B3.3. Técnicas ao aceite: óleos ▪ B3.4. Aproximación a outras técnicas tradicionais: encáustica, témpera e fresco.	▪ B3.2. Elixir e aplicar correctamente os materiais e instrumentos propios das técnicas pictóricas na produción de traballos persoais con técnicas á auga, sólidas, oleosas e mixtas.	▪ TEGPB3.2.1. Realiza composicións escollendo e utilizando as técnicas á auga, sólidas e oleosas que resulten máis apropiadas para o proxecto en función a intencións expresivas e comunicativas.	▪ CSIEE ▪ CCEC
	Bloque 4. Técnicas de gravado e estampaxe			
▪ i ▪ m	▪ B4.1. Materiais, utensilios, maquinaria e soportes. Utilización da terminoloxía específica.	▪ B4.1. Coñecer os termos relacionados coas técnicas do gravado.	▪ TEGPB4.1.1. Describe as técnicas de gravado e estampaxe. ▪ TEGPB4.1.2. Define con propiedade, de forma oral e escrita, os termos propios das técnicas de gravado.	▪ CCL ▪ CSIEE
▪ n ▪ i ▪ m	▪ B4.2. Procesos de estampaxe única: monotipia.	▪ B4.2. Identificar as fases na produción de gravados e estampaxes.	▪ TEGPB4.2.1. Describe as fases de produción e de gravados e estampados.	▪ CSIEE ▪ CCEC
▪ i ▪ n	▪ B4.3. Gravado en relevo: linóleo e xilografía. ▪ B4.4. Gravado en oco: calcografía. Técnicas directas e indirectas. ▪ B4.5. Estampaxe plana: serigrafía e planografía (litografía e método permeográfico) ▪ B4.6. Outros métodos de reprodución: offset, método electrónico e copy art.	▪ B4.3. Elaborar producións propias utilizando técnicas non tóxicas de gravado e estampaxe variadas.	▪ TEGPB4.3.1. Experimenta con técnicas de gravado e estampaxe non tóxicas, utilizando adecuadamente os materiais.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ i ▪ m ▪ n	▪ B4.7. Aplicación das técnicas de gravado e estampaxe máis sinxelas na realización de traballos.	▪ B4.4. Investigar e expor acerca da evolución das técnicas de gravado e estampaxe utilizadas na historia.	▪ TEGPB4.4.1. Recoñece e describe as técnicas de gravado e estampaxe na observación de obras.	▪ CCL ▪ CCEC

	Técnicas de Expresión Gráfico-plástica. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
■ p			■ TEGPB4.4.2. Explica a evolución das técnicas de gravado e estampaxe ao longo da historia.	■ CCL
	Bloque 5. Técnicas mixtas e alternativas			
■ i ■ m ■ n ■ g ■ b	■ B5.1. Técnicas no proceso artístico-cultural: estudo da evolución das técnicas gráfico-plásticas a través da historia da arte.	■ B5.1. Experimentar con técnicas mixtas e alternativas diferentes formas de expresión artística, expresando ideas e emocións a través de técnicas alternativas.	■ TEGPB5.1.1. Describe a técnica da colaxe e aplícaa na elaboración de traballos propostos polo profesor ou a profesora.	■ CSIEE ■ CCEC
			■ TEGPB5.1.2. Utiliza materiais reciclados para producir obras novas cun sentido diferente para o que foron confeccionados.	■ CSIEE ■ CCEC
			■ TEGPB5.1.3. Representa a través de TIC instalacións de carácter artístico.	■ CD
			■ TEGPB5.1.4. Investiga e aprende técnicas alternativas, utilizando TIC.	■ CD ■ CCEC
■ b ■ d ■ i ■ m	■ B5.1. As técnicas no proceso artístico-cultural: estudo da evolución das técnicas gráfico-plásticas a través da historia da arte.	■ B5.2. Recoñecer outras técnicas gráfico-plásticas distintas ás tradicionais.	■ TEGPB5.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.	■ CSIEE ■ CCEC